


ORDENANZA MUNICIPAL DE TENZA E BENESTAR DOS ANIMAIS DE COMPAÑÍA



Concello de
Mugardos





ÍNDICE

TÍTULO I.-OBXECTO, ÁMBITO DE APLICACIÓN, FINALIDADES E DEFINICIÓNS

Artigo 1.-Obxecto, finalidades e ámbito de aplicación P.6

Artigo 2.-Definicións P.6

Artigo 3.-Participación cidadá e das entidades de protección dos animais P.6

TÍTULO II.-INTERVENCIÓN ADMINISTRATIVA DA TENZA DE ANIMAIS

Artigo 4.-Disposicións xerais P.8

TÍTULO III.-RÉXIME XURÍDICO DE PROTECCIÓN E TENZA DOS ANIMAIS

Artigo 5.-Protección dos animais. Obrigas P.10

Artigo 6.-Prohibicións P.11

Artigo 7.-Identificación e rexistro de animais P.12

Artigo 8.-Cans potencialmente perigosos P.12

Artigo 9.-Animais salvaxes en cativeiro P.14

Artigo 10.-Presenza de animais na vía e espazos públicos. Animais abandonados ou perdidos P.15

Artigo 11.-Protección da saúde pública P. 16

Artigo 12.-Tenza de animais de compañía en vivendas, edificacións e outros recintos particulares P.16

Artigo 13.-Eutanasia dos animais P.17

Artigo 14.-Colonias felinas P.18

TÍTULO IV.-DAS INFRACCIÓNS E SANCIÓN

Artigo 15.-Responsabilidade P.24

Artigo 16.-Infraccións, sancións e inspección P.24

Artigo 17.-Tipificación de infraccións P.25

Artigo 18.-Prescripción das infraccións P.27

Artigo 19.-Sancións pecuniarias P.27

Artigo 20.-Sancións non pecuniarias P.27

Artigo 21.-Gradación das sancións P.28

Disposición adicional primeira P.28

Disposición adicional segunda P.28

Disposición transitoria primeira P.28

Disposición transitoria segunda P.29


Disposición derogatoria P.29

Disposición final. Entrada en vigor P.29

Anexo. Acordo de colaboración para a xestión de colonias felinas P.32



TÍTULO I.-OBJECTO, ÁMBITO DE APLICACIÓN, FINALIDADES E DEFINICIÓN



Artigo 1.–Obxecto, finalidade e ámbito de aplicación.

- 1.** Esta ordenanza ten por obxecto regular e garantir a protección e tenza dos animais e, en especial, as relacións entre as persoas e os animais de compañía, domésticos e silvestres que se atopan de maneira permanente ou temporal en Mugardos.
- 2.** As finalidades desta ordenanza son acadar o máximo nivel de protección e benestar dos animais; garantir e fomentar unha tenza responsable e a defensa e protección dos animais, así como a pedagogía sobre o respecto aos animais e a importancia da adopción; preservar a saúde, a tranquilidade e a seguridade das persoas, fomentar a identificación das mascotas e a xestión do rexistro de animais potencialmente perigosos, así como o rexistro municipal de animais de compañía.
- 3.** Esta ordenanza aplícase no marco da normativa internacional, europea, estatal e galega de protección dos animais e de tenza de animais potencialmente perigosos.

Artigo 2.–Definicións.


Seguiranse as establecidas na Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro e o Decreto 153/1998, do 2 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro, e outra normativa de aplicación.

Artigo 3.–Participación cidadá e das entidades de protección e defensa dos animais.

- 1.** Para os efectos desta ordenanza son entidades, asociacións e organizacións de protección e defensa dos animais as asociacións de colectivos profesionais, entidades e organizacións sen ánimo de lucro que teñan, entre outras finalidades, a defensa e a protección dos animais. Deberán estar legalmente constituídas e cumprir o disposto no artigo 13.2 da Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais e artigos 16 a 24 do Decreto 153/1998, do 2 de abril, polo que se desenvolve a Lei 1/1993 ou, no seu caso, cumprir integramente a normativa legal que substitúa á vixente.
- 2.** As entidades de protección e defensa dos animais poden exercer a xestión cívica de competencias municipais sobre protección e tenza de animais, e terán a condición de interesadas nos procedementos administrativos municipais relativos á protección dos animais sempre e cando comparezan neles, tendo dereito a recibir información dos procedementos e da súa evolución.
- 3.** O Concello de Mugardos, no ámbito das súas competencias e en virtude do establecido na Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria, impulsará un grupo de voluntariado destinado a tarefas de benestar animal e promoverá campañas e accións de sensibilización coa finalidade de mellorar a convivencia na comunidade entre as persoas e os animais.



TÍTULO II.-INTERVENCIÓN ADMINISTRATIVA DA TENZA DE ANIMAIS




Artigo 4.-Disposicións xerais.

No ámbito das súas competencias, o Concello de Mugardos exercerá as funcións de intervención administrativa da tenza de animais sen prexuízo das competencias doutras administracións sobre as mencionadas materias.



TÍTULO III.-RÉXIME XURÍDICO DE PROTECCIÓN E TENZA DOS ANIMAIS



Artigo 5.–Protección dos animais. Obrigas.

1. As persoas propietarias e posuidoras de animais de compañía teñen a obriga de telos identificados, segundo o establecido pola normativa de aplicación, mantelos en boas condicións hixiénico-sanitarias, procurándolles instalacións axeitadas para o seu acubillo, proporcionarlles alimentación e bebida, prestándolles asistencia veterinaria e atendéndoos de acordo coas súas necesidades fisiolóxicas e de etoloxía, ofrecéndolles a necesaria socialización e manténdoos en condicións de seguridade axeitadas a fin de que non se produza ningunha situación de perigo ou molestia para as persoas.

2. A persoa posuidora dun animal, sen prexuízo da responsabilidade subsidiaria da propietaria, é responsable dos danos, prexuízos e molestias que lles ocasione ás persoas, aos bens e ao medio natural.

3. En particular, establécense as seguintes condicións mínimas de mantemento dos animais:

a) Prover de auga e alimentación suficiente e equilibrada para manter uns bos niveis de nutrición e saúde.

b) Dispoñer de espazo, ventilación, humidade, temperatura, luz e acubillo axeitados e necesarios en función do seu tamaño e peso, para evitarlle calquera sufrimento ao animal e para satisfacer as súas necesidades vitais, o seu benestar e o seu comportamento normal como especie. Os aloxamentos deberán permanecer, limpos, desinfectados, retirando periodicamente os excrementos e as ferruxes.

c) Deberá ademais dotalos dos coidados respecto de tratamentos preventivos de enfermidades baixo supervisión veterinaria, curacións e demais medidas sanitarias necesarias. Non se pode manter un animal ferido ou con enfermidade, e de ser o caso haberá que facilitarlle a asistencia sanitaria precisa.

d) Os animais de especie canina non poden permanecer atados nin engaiolados máis de 6 horas ao día nin se poderá empregar como aloxamento habitual vehículos, terrazas, balcóns, garaxes nin habitáculos que non reúnan condicións hixiénico-sanitarias idóneas.

e) O transporte de animais en vehículos particulares tense que efectuar nun espazo suficiente, que lle permita erguerse, xirar, e deitarse, protexido da intemperie e que non supoña condicións non axeitadas para os animais dende o punto de vista da etoloxía ou fisioloxía. Todo transporte de animais farase de acordo co artigo 11.2 da Lei de tráfico e seguridade viaria e cos regulamentos 576/2013 e 577/2013.

f) Os vehículos que alberguen no seu interior algún animal non poderán estar máis de 1 hora estacionados nos meses de inverno, e nos meses de verán terán que situarse obrigatoriamente nunha zona de sombra, facilitando en todo momento a ventilación sen exceder o estacionamento máis de 20 minutos, dispoñendo en todo caso dun sistema de hidratación constante para os animais.



4. Para os efectos de garantir unha adecuada protección dos animais as clínicas veterinarias do termo municipal que dispoñan de licenza para a súa implantación poderán dispor, se así o solicitan, dun espazo na vía pública reservado para o estacionamento de vehículos públicos ou particulares que transporten animais enfermos que será delimitado e sinalizado polo Concello. A delimitación deste espazo realizaraa o Concello previa petición do titular da clínica veterinaria xuntando acreditación de que posúe a correspondente licenza.

Artigo 6.-Prohibicións.

Está prohibido:

- a) Maltratar ou agredir física ou psicolóxicamente os animais ou sometelos a calquera práctica que lles poida producir sufrimento, dano físico ou emocional e angustia inxustificada.
- b) Abandonar animais.
- c) Manter os animais en instalacións indebidas dende o punto de vista hixiénico-sanitario, de benestar e de seguridade e saúde do animal.
- d) Non facilitarlles aos animais a alimentación e bebida suficiente e equilibrada para manter uns bos niveis de nutrición e saúde.
- e) Non facilitar os coidados básicos veterinarios requiridos, ou en caso de enfermidade os específicos necesarios, para evitar o sufrimento ou dor.
- f) Utilizar animais en espectáculos, atraccións, filmacións, actividades publicitarias, actividades culturais ou relixiosas, así como calquera outra actividade sempre que lles poida ocasionar dano ou sufrimento, ou ben facelos obxecto dun trato contranatural.
- g) Utilizar animais en pelexas.
- h) Molestar ou capturar animais salvaxes urbanos, salvo os controis de poboación de animais, ou comerciar con eles, sen prexuízo do establecido na lei 42/2007.
- i) A exhibición pública de animais con finalidades lucrativas ou de intercambio agás a adopción ou o acollemento de animais abandonados ou perdidos mediante o Concello, os Centros de Acolida de Animais de Compañía e as entidades de defensa e protección dos animais, que deberán contar coa autorización previa do órgano competente.
- l) Manter os animais de especie canina atados ou engaiolados máis de 6 horas ao día.
- ll) A tenza de animais por menores de 16 anos ou incapacitados.
 - m) O sacrificio non eutanásico dos animais de compañía.
- n) A tenza de animais perigosos para as persoas sen dispor dos permisos e recintos apropiados e a súa circulación nos espazos públicos ou en locais abertos sen as debidas garantías de seguridade para estes animais e para o resto dos animais e para as persoas.



ñ) Os espectáculos circenses con animais, inclúe a prohibición de instalación dos establecementos onde se realizan os ditos espectáculos en todo o territorio de Mugardos. En ningún caso será obxecto de apoio ou patrocinio por parte do Concello a realización de espectáculos con animais nos que sufran estrés ou un trato contranatural.

o) Darlles de comer a animais na vía pública. Quedan excluídas aquelas accións que se poidan establecer regulamentariamente polo Concello, como a alimentación regulada realizada durante o control de colonias felinas ou das colonias de aves. En todo caso sempre se ten que cumprir a obriga de prever e evitar ensuciar a vía e os espazos públicos.

p) O abandono de cadáveres de calquera especie animal na vía pública ou nos colectores de recollida de lixo.

q) Sacrificar animais na vía pública, salvo nos casos de extrema necesidade e forza maior sempre baixo o criterio e supervisión profesional especializada.

r) Utilizar vehículos como aloxamento habitual dos animais, ou a permanencia no vehículo sen a ventilación axeitada.

s) Subministrarlles alcohol, drogas ou fármacos ou practicalles calquera manipulación artificial que poida producilles dano físico ou psíquico.

s) A doazón de animais como reclamo publicitario, premio ou recompensa.

t) O tránsito e a permanencia de animais de compañía nas zonas delimitadas como de xogo infantil.

u) O tránsito e a permanencia de animais nas praias do Concello de Mugardos nas tempadas e nos lugares non habilitados, atendendo sempre ao recollido na Ordenanza Municipal de Praias.

v) A utilización de colares que poidan ser considerados coma de castigo, que provoquen a asfixia do can mediante nó, ou dano debido ao uso de puntas ou outros elementos daniños.

x) O baño dos animais nas fontes, estanques ou similares de carácter público, así como que os animais beban directamente das fontes públicas sempre e cando esixa o contacto coa billa.

z) Levar máis dun can potencialmente perigoso por persoa cando circulen pola vía pública ou por espazos públicos e demais normativa aplicable, recollida tanto nesta ordenanza como na Lei 4/2017 e na Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos, ou a que estea vixente no caso de que as anteriores queden derogadas.



Artigo 7.–Identificación e rexistro de animais.

1. Identificación.

As persoas propietarias, criadoras ou posuidoras de animais de especie canina terán a obriga de identificalos, ben nos seus tres primeiros meses de vida ou, en todo caso, antes de ser obxecto de transmisión.

2. Rexistros.

A identificación comprenderá o sistema de marcaxe legalmente establecido (microchips), a expedición do correspondente documento de identificación ou pasaporte nos casos que corresponda, así como a inscrición obrigatoria do animal no Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía (REGIAC), no rexistro municipal de animais potencialmente perigoso e no rexistro municipal de animais de compañía.

Artigo 8.–Cans potencialmente perigosos.

A definición, tenza, condicións do aloxamento, custodia, obrigas e prohibicións dos cans potencialmente perigosos rexeranse polos termos previstos na Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos e na Lei 4/2017 ou a que estea vixente no caso de que as anteriores queden derogadas.

1. Para a tenza e custodia cómpre obter licenza municipal, para o cal será necesario cumprimentar a instancia de solicitude e presentar os documentos que acrediten o cumprimento dos seguintes requisitos:

- Ser maior de idade e non estar incapacitado para proporcionarlle os coidados necesarios ao animal.
- Certificado de non ter sido condenado por delitos de homicidio, lesións, torturas, contra a liberdade ou contra a integridade moral, a liberdade sexual e a saúde pública, de asociación con banda armada ou de narcotráfico.
- Certificado de non ter sido sancionado por infraccións administrativas que levasen aparelladas a confiscación, comiso, esterilización ou sacrificio de animais potencialmente perigosos, a clausura do establecemento e a sus- pensión temporal ou definitiva deste tipo de licenzas ou do certificado de capacitación de adestrador.
- Certificado de aptitude psicolóxica.
- Seguro de responsabilidade civil por danos a terceiros pola contía mínima de cento vinte e cinco mil € (125.000 €), que se renovará anualmente, pola súa responsabilidade derivada dos danos que o animal poida causar a terceiros.

Os requisitos esixidos no apartado anterior deberán manterse vixentes durante todo o período da tenza do animal, dando lugar a perda dos mesmos á revisión ou, de ser o caso, a retirada da licenza pola mesma administración municipal que a concedera se se dá o caso de tenza irresponsable, abandono ou maltrato, ou as casuísticas que así o requiran, recollidas nos artigos 16 a 20 desta ordenanza. Esta licenza deberá ser renovada cada cinco anos.



2. Os cans potencialmente perigosos terán que circular nas vías públicas e nos lugares e espazos de uso público en xeral, atados con correa non extensible de lonxitude non superior a 2 metros, provistos da correspondente buceira homologada e axeitada a súa raza. Neste sentido, prohíbese levar máis dun can potencialmente perigoso por persoa cando circulen pola vía pública ou por espazos públicos.

3. As persoas propietarias ou posuidoras de cans potencialmente perigosos teñen que cumprir as obrigas de:

a) Obtención previa de licenza administrativa outorgada polo Concello e inscrición no Rexistro municipal de animais potencialmente perigosos, no prazo de 15 días dende a obtención da licenza municipal para a tenza de animais potencialmente perigosos, de conformidade co establecido na normativa específica vixente na materia.

b) Os propietarios de animais potencialmente perigosos están rexidos ademais pola normativa sectorial, debendo comunicar calquera variación dos datos do rexistro no prazo de 15 días dende que se producise a modificación que proceda rexistrar, excepto nos incidentes de agresión, nos que a comunicación será inmediata. As ditas variacións nos datos realizaranse por medio dun veterinario actuante.

c) Notificar no REGIAC e no Rexistro municipal a baixa por morte certificada por veterinario ou autoridade competente, a venda, a cesión, o traslado permanente ou temporal por un período superior a tres meses a outro municipio, así como calquera outra modificación dos datos que figuren neste. O roubo ou a perda teráselles que notificar aos mencionados rexistros no prazo de 48 horas dende que se teña coñecemento dos feitos.

O Concello de Mugardos promoverá o desenvolvemento de campañas de sensibilización para fomentar o benestar, a adopción, o bo trato e a inserción na sociedade dos cans considerados potencialmente perigosos, con especial dificultade para seren adoptados, do mesmo xeito que fomentará a tenza responsable e axeitada destes animais de acordo coa normativa vixente Lei 50/1999, do 23 de decembro e Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia.

Artigo 9.-Animais salvaxes en cativeidade.

A tenza de animais silvestres en cativeidade está sometida ao réxime de certificación, comunicación e autorización previa, no marco da normativa internacional, europea, estatal e autonómica, e estará sometida ao Regulamento europeo 576/2013, procedendo a súa identificación segundo a especie do animal.



Artigo 10.-Presenza de animais na vía e espazos públicos. Animais abandonados ou perdidos.

- 1.** As persoas propietarias ou posuidoras de animais teñen a obriga de adoptar as medidas necesarias para que os animais non poidan acceder libremente ás vías e espazos públicos ou privados, e no caso dos cans deberán levarlos provistos de correa e collar ou outros elementos de retención, agás naqueles lugares nos que se permita que transiten en liberdade e, en todo o caso, baixo o control e responsabilidade dos seus propietarios/as ou dos/as seus posuidores/as, e evitar danos ou molestias ás persoas viandantes. Os cans guías de persoas con disfuncións visuais estarán exentos en calquera situación de ser conducidos con buceira.
- 2.** As persoas propietarias o posuidoras dos animais domésticos teñen que evitar en todo momento que estes causen danos ou ensucien os espazos públicos, estando obrigadas a recoller as defecacións destes, que deberán depositarse preferentemente nos colectores de lixo.
- 3.** No caso de non cumprir o disposto no apartado anterior, os axentes da Autoridade municipal poderán requirir ao posuidor do animal para que proceda á limpeza e recollida dos elementos afectados coa correspondente sanción.
- 4.** Está prohibido soltar os animais polos parques, rúas, xardíns e outros espazos públicos excepto nas zonas habilitadas coa dita finalidade.
- 5.** O Concello habilitará espazos reservados para o lecer e socialización dos animais da especie canina, rexidos por unhas normas de uso explicitadas nesas zonas específicas para a conservación, hixiene e convivencia harmónica entre usuarios.
- 6.** Estes espazos terán que garantir a seguridade dos animais e das persoas, así como previr tamén a fuxida ou perda dos animais. As persoas posuidoras terán que vixiar aos seus animais e evitar molestias ás persoas e a outros animais que compartan o espazo, e en ningún momento se poderán ausentar mentres o animal permaneza nestes espazos.
- 7.** O Concello realizará actuacións periódicas de supervisión destes espazos para mantelos en condicións hixiénico-sanitarias aptas para o seu uso sen prexuízo das condutas obrigadas das persoas propietarias.
- 8.** Na Ordenanza Municipal de Praias regúlase a presenza nas mesmas e no litoral dos animais da especie canina, establecendo os puntos de baño autorizados para cans e as 'zonas caninas', xunto coas localizacións, límites e extensión de todas elas.
- 9.** O Concello de Mugardos colabora cun servizo de asistencia na vía e nos espazos públicos dirixidos ao salvamento e rescate dos animais. O servizo de recollida xestionarase mediante o Centro de Recollida oficial co que o Concello de Mugardos teña subscrito en cada momento.



Artigo 11.–Protección da saúde pública.

1. As persoas propietarias e en todo caso os posuidores ou posuidoras de animais teñen que mantelos en boas condicións de seguridade co fin de que non se produza ningunha situación de perigo ou molestia para as persoas.

2. En particular, establécense as seguintes condicións mínimas de tenza dos animais:

a) Está prohibida a entrada de animais en todo tipo de locais destinados á fabricación, cociña, almacenaxe, transporte, manipulación ou venda de alimentos.

b) Está prohibida a entrada de animais nas instalacións públicas e recreativas.

Quedan exceptuados das prohibicións anteriores os cans guía, os asistenciais os de seguridade, e os de busca e vixilancia, debendo ir sempre debidamente acreditados e identificados, e coa persoa á que acompañen.

3. Os propietarios ou propietarias do resto dos establecementos abertos ao público (comercio, hostalería, etc.) poderán prohibir ou permitir ao seu criterio a entrada e permanencia de animais neles e sinalarán visiblemente na entrada a prohibición ou acceso e a que espazos poden acceder.

Neste sentido, o Concello promoverá unha rede de establecementos que admiten cans, atendendo sempre aos requirimentos, o respecto e o cumprimento da lexislación vixente, co obxectivo de difundir a convivencia harmónica. As persoas posuidoras terán que vixiar aos seus animais e evitar molestias ás persoas e a outros animais que compartan o espazo, e en ningún momento se poderán ausentar mentres o animal permaneza nestes espazos. Estes establecementos sinalarán de xeito visible a admisión de animais de compañía.

Artigo 12.–Mantemento de animais de compañía en vivendas, edificacións e outros recintos particulares. Limitacións á concentración de animais.

A tenza de animais domésticos en vivendas privadas queda condicionada ás necesidades etolóxicas de cada especie e raza, ao espazo, á necesaria socialización e paseos varias veces ao día no caso dos animais da especie canina que vivan en piso, ás circunstancias hixiénicas óptimas e ausencia de riscos sanitarios, que soamente garanten as necesarias revisións facultativas, á adopción das axeitadas medidas de seguridade para o animal e para as persoas, así como á inexistencia de molestias á veciñanza, que para seren cualificadas de xeito máis obxectivo que subxectivo, deberán ser avaliadas pola comunidade de propietarios ou pola veciñanza anexa ao lugar de residencia.

Todo isto sen prexuízo do disposto nas normas que constitúan o réxime interior das comunidades de veciños.



Cando a xuízo da autoridade competente a tenza dun número de animais poida supoñer un risco sanitario ou se precisen unhas determinadas condicións para garantir o seu benestar e protección deberá someterse aos requisitos legais esixibles como establecementos de coleccións zoolóxicas particulares.

A cría de animais con fins comerciais, a súa venda e publicidade só poderá efectuarse dende centros de cría ou de venda rexistrados como tales.

Para facilitar a convivencia entre a veciñanza e atendendo ás particularidades da configuración urbana do concello de Mugardos, establécense as seguintes limitacións para a concentración numérica de animais en vivendas, edificacións e outros recintos localizados no termo municipal.

Cans e gatos

En todas as vivendas situadas en edificios residenciais e en vivendas unifamiliares, sexan illadas ou adosadas, e noutras edificacións e recintos de tipoloxía non residencial cuxa superficie de parcela sexa inferior a 200 metros cadrados, máximo 3 animais por vivenda ou edificación.

En vivendas unifamiliares, illadas ou adosadas, e noutras edificacións e recintos de tipoloxía non residencial cunha superficie de parcela igual ou superior a 200 metros cadrados, 4 animais máximo en total por vivenda, edificación ou recinto.

Animais distintos de cans e gatos

Cando o seu peso adulto sexa inferior a 2 kg, máximo 10 por vivenda, edificación ou recinto de calquera tipoloxía. Os peixes non están sometidos a este límite.

Cando se concentren 10 ou máis exemplares de calquera especie ou peso, agás os peixes, sexa cal sexa a tipoloxía de vivenda, edificación ou recinto, considerarase que conforma unha colección zoolóxica aos efectos de aplicación da normativa correspondente en materia de núcleos zoolóxicos.

Artigo 13.-Eutanasia dos animais.

A eutanasia dos animais só se poderá realizar nas condicións e polas causas previstas pola lexislación vixente e, en todo caso, efectuarase de xeito indoloro, con sedación previa do animal, co fin de lograr unha rápida inconsciencia seguida da morte, de minimizar o medo e o sufrimento do animal e de evitar a excitación, e por procedementos que requiran unha mínima inmovilización e que sexan fiables e irreversibles. A eutanasia dos animais realízanse sempre baixo control dun/ dunha veterinario/a colexiado ou colexiada.



Artigo 14.-Colonias felinas.

1. Método CER.

O Concello de Mugardos promoverá o control e benestar das colonias felinas a través das normas municipais que se establezan regulamentariamente e en colaboración coas entidades protectoras e de defensa dos animais legalmente constituídas baixo criterios de responsabilidade, respecto e convivencia coa veciñanza. A xestión do procedemento mediante o método CER [Captura-Esterilización-Retorno] é a opción prioritaria elixida.

A base lexislativa de referencia está recollida na Lei 4/2017, do 3 de outubro, de Protección e Benestar dos Animais de Compañía en Galicia, artigo 26. Colonias felinas.

2. Xestión de solicitudes.

O procedemento porase en marcha por medio de dúas vías:

- A través da solicitude de rexistro dunha colonia felina, mediante a correspondente declaración responsable, para o seu control por medio do método CER.
- Como consecuencia de queixas ou avisos formulados por cidadáns/ás ou por calquera organismo ou entidade, pola existencia de gatos urbanos sen xestionar nun determinado lugar.

Calquera comunicación relativa á presenza dunha poboación ou colonia de gatos urbanos, dirixirse aoresponsable no Concello de Mugardos. Esta comunicación poderá presentarse, mediante os modelos normalizados, polos seguintes medios:

- a) Electronicamente, accedendo á sede electrónica do Concello de Mugardos.
- b) Presencialmente, nas oficinas de rexistro do Concello de Mugardos.

A xestión das solicitudes e comunicacións recibidas sobre presenza de gatos urbanos, conlevará a avaliación consistente nun estudo da zona edos lugares onde se atopanos animais, número de exemplares existentes, valoración da situación, localización e identificación dos posibles colaboradores, todo co obxectivo de poñer en marcha o procedemento de maneira inmediata nesa zona.

O Concello de Mugardos informará á cidadanía das actuacións que se levarán a cabo e dos obxecivos que se perseguen coas mesmas. Este labor informativo estará apoiado polas entidades colaboradoras e polos/as colaboradores/as da colonia.



O Concello de Mugardos promoverá reunións cos colaboradores/as que participan activamente no coidado da colonia ou que desexen participar na consolidación de colonias de gatos urbanos, nas que se explicarán os termos deste procedemento, así como as condicións que deben cumprirse, eo papel que a cidadanía, voluntarios/as e asociacións terán de xogar en todo o proceso.

3. Acordo para a estabilización da colonia.

O Concello de Mugardos realizará as actuacións divulgativas necesarias para trasladar aos/as cidadáns/ás, así como ás persoas colaboradoras rexistradas, a información pertinente, baseada na evidencia dispoñible, sobre a idoneidade desta estratexia para o control das poboacións de gatos urbanos, coa participación, no seu caso, das entidades colaboradoras.

Nos casos de localizacións de poboacións felinas en espazos que non sexan a vía pública, promoveraseo establecemento dun acordo de colaboración e unificación de criterios para o establecemento e normalización das colonias eos seus colaboradores/as, adaptado a cada colonia. Darase respaldo e valor aos/ás colaboradores/as, para que desenvolvan o seu labor, co fin de involucrar á cidadanía no proxecto e de concienciar a toda a sociedade sobre o problema da superpoboación.

4. Recollida, esterilización e retorno dos animais.

A fases do proceso serán as seguintes:

Acondicionamento do lugar de localización da colonia: Retirada de lixo acumulado de existir (restos de alimento, excrementos, outros refugallo, sempre derivados da presenza de gatos) e habilitación das zonas de alimentación (comedeiros e bebedeiros) e acubillo.

Captura: Tanto a recollida como a solta dos animais, nas colonias onde existan persoas colaboradoras, será levada a cabo por estes/as.

Avaliación do estado sanitario dos animais: As persoas colaboradoras, e no seu caso, o/os veterinarios que participen no proceso, encargaranse da atención dos gatos feridos ou enfermos, ata a súa recuperación, esterilización e solta. A eutanasia será unicamente aplicada segundo criterios veterinarios cando as condicións do animal sexan incompatibles cunha vida digna. Unha vez recuperado o animal, volverá a avaliarse a súa situación (volta á colonia de orixe, entrada nun refuxio ou adopción, segundo o caso).

Desparasitación, esterilización, identificación con microchip e marcaxe dos animais que permanecerán na localización: A marcaxe consistirá en extirpar o cuarto superior esquerdo da orella das femias para facilitara identificación visual de gatas esterilizadas e evitar a súa nova captura. No caso dos gatos farase para o microchipado e control de saúde, desparasitación, etc. Os datos obtidos incluíranse nun rexistro creado a tal efecto.



Devolución dos animais ao lugar de orixe: Os animais serán devoltos á mesma localización onde foron capturados oúnos supostos que así se acorde en lugares establecidos para a súa reubicación.

Entrega en adopción de animais socializados, se é o caso.

O correcto mantemento da colonia conleva o seguinte:

- Subministración controlada de alimento adecuado, que en todo caso será penso seco. Poderase utilizar penso húmido para a súa captura ou para tratamentos sanitarios.
- Hixienización periódica de comedeiros e bebedeiros, que deberán ser de aspecto e material aceptables, de material durable e de escaso mantemento, colocándose en áreas pouco visibles e integrados na contorna urbana para favorecer a boa aceptación do proxecto. Nunca se deixarán alimentos nochane os restos limparanse para evitar situacións de insalubridade.
- Control da inmigración: detección da incorporación de novos exemplares para o seu control sanitario e esterilización.
- Elaboración por parte da persoa colaboradora responsable de informe periódico sobre a situación da colonia, que incluírá as condicións de salubridade da zona onde se localizan os gatos, estado no que se atopan os animais, e tratamentos veterinarios practicados no seu caso.

5. Seguimento.

O seguimento da colonia, incluído o control da inmigración e das condicións xerais da localización dos animais, e a comunicación entre as partes, será efectuado polas persoas colaboradoras responsables da colonia, e sempre de acordo cos termos definidos no Acordo específico subscrito.

Os/as colaboradores/as responsables disporán do correspondente carné identificador que facilitará o Concello de Mugardos, e que será válido para o período e localización que nel se sinala.

As persoas colaboradoras remitirán á Concellaría responsable, coa periodicidade que se decida no Acordo, o informe periódico de seguimento da colonia, así como a información que se puidera determinar no Acordo específico subscrito. Para un correcto seguimento cómpre a coordinación de todas as partes implicadas e establecer indicadores de resultados.



6. Colaboradores/as, Concello.


Aquelas persoas que, de acordo co indicado no obxecto deste procedemento, realicen de maneira altruísta actividades de captura e rescate de gatos no ámbito territorial do concello de Mugardos, contarán cun carné que os recoñeza como “colaboradores/as”. A obtención do devandito carné implicará a sinatura, por parte da persoa interesada, do documento de compromisos adquiridos.

O Concello de Mugardos facilitará gaiolas de captura e os traslados dos gatos para recibir tratamentos precisos, ademais de sufragar todos os gastos veterinarios previstos no proxecto, de alimentación, de estancia en clínica veterinaria en caso de precisalo, recipientes para subministración de alimentos e auga, así como os habitáculos que lles sirvan de refuxio.

A nivel divulgativo, o Concello de Mugardos, ademais de recoller na web municipal información e documentación relativa ao proxecto CER Mugardos, promoverá a edición de folletos explicativos do proceso, dirixidos á cidadanía en xeral, accións de difusión en centros escolares para coñecemento e implicación da poboación máis nova no proxecto, así como a sinalización de cada colonia co correspondente rótulo identificativo e informativo, todo coa colaboración en canto a contidos e difusión da Asociación InDiCan e colaboradores responsables implicados no desenvolvemento do CER.



TÍTULO IV.-DAS INFRACCIÓNS E SANCIÓN



Artigo 15.–Responsabilidade.

Serán responsables pola comisión de feitos constitutivos de infracción desta ordenanza, atendendo á súa natureza, os propietarios ou posuidores de animais de compañía, así como as persoas físicas e xurídicas nos que recaia a titularidade dos establecementos regulados.

Artigo 16–Infraccións, sancións e inspección.

1. Constitúen infraccións administrativas en materia de protección e tenza de animais as accións e omisións tipificadas como tales na Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro, no Regulamento 153/1998, do 2 de abril, na Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos, na Lei 32/2007, do 7 de novembro, para o coidado dos animais, na súa explotación, transporte, experimentación e sacrificio e na demais lexislación sectorial sobre a materia, e no Decreto 90/2002 que regula a tenza dos animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia, e as recollidas nesta ordenanza.

2. As infraccións administrativas serán determinadas e sancionadas de conformidade co disposto na normativa mencionada no apartado anterior. No caso de infraccións tipificadas nesta ordenanza aplicaranse as sancións que especificamente determine esta ordenanza de aplicación.

3. O Concello de Mugar dos exercerá a súa actividade de control e de sanción de acordo coas competencias que teña atribuídas pola normativa de réxime local contida nesta ordenanza e pola normativa sectorial.

4. A Policía Local é a autoridade á que a lei e o alcalde, ou a persoa na que delegue, como máximo responsable do seu cumprimento, outorgan a potestade e a obriga de velar polo benestar dos animais dentro do territorio municipal, exercendo para iso o labor de inspección tanto por iniciativa propia como a consecuencia de denuncias de asociacións de protección animal ou particulares.

5. A inspección completa derivará nun informe documentado a través de fotografías e/ou vídeos, na que se comprobe se o animal ten alimento e auga suficiente á súa disposición, se está chipeado, se se trata dun animal da especie canina se conta coa preceptiva documentación en regra e actualizada coas vacinas e tratamentos de desparasitación interna e externa correspondentes e se o can goza da liberdade preceptiva durante a maior parte do día, segundo recolle a mesma Lei e esta ordenanza, polo tanto se non é o caso, o propietario, instado pola autoridade que realiza a inspección, debe propor solucións para que o can poida gozar das condicións axeitadas, e en ningún caso permanecer máis de 6 horas encadeado ou engaiolado.



Se o propietario amosa vontade de subsanar as circunstancias constitutivas de infracción administrativa, debe evidencialo e as autoridades comprobarán en días sucesivos o grao de cumprimento do acordado.

En caso contrario, se o propietario non amosa vontade de mellorar as condicións de vida do animal que deron orixe á denuncia ou incumpre o proposto.

Independentemente das sancións que se lle impoñan polo incumprimento da Lei e da presente ordenanza, as autoridades procederán, dependendo das circunstancias particulares, abrindo expediente sancionador, e de reiterar as causas que orixinaron a actuación, procedendo ao decomiso a través do servizo de lacería do Refuxio de Animais de Mougá, ou calquera outro procedemento que considere pertinente atendendo á Lei e ao contemplado nesta ordenanza, dependendo das características de cada caso.

6. A incoación e tramitación dos expedientes por infraccións realizarase segundo o disposto na normativa. Segundo o artigo 69 do Decreto 153/98 a tramitación dos expedientes por infraccións do disposto no citado Decreto adecuarase ao disposto na Lei 3/2015, de 01 de outubro de procedemento administrativo común de Réxime xurídico das Administracións públicas. Os órganos competentes para a incoación e resolución dos expedientes de infraccións son os determinados no artigo 69 do Decreto 153/1998 segundo a gravidade da infracción, así como os recollidos nesta ordenanza.

7. Se unha actuación é susceptible de ser considerada como ilícito penal suspenderase o procedemento administrativo en tanto non recaese resolución xudicial.

Artigo 17.-Tipificación de infraccións.

1. Son infraccións leves:

- a) O trato inadecuado dos animais que supoña sufrimento físico ou emocional aínda sen causar lesións evidentes.
- b) Non manter o animal nas condicións hixiénico-sanitarias idóneas, nas instalacións axeitadas e cos tratamentos de desparasitación pertinentes.
- c) Non lles facilitar a alimentación e bebida axeitada ás súas necesidades.
- d) Mantelos máis de 6 horas ao día encadeados ou en gaiola.
- e) A utilización de animais en traballos que os inmovilicen causándolles dor.
- f) A carencia ou tenza incompleta do arquivo de fichas clínicas dos animais obxecto de tratamento obrigatorio ou vacinación.
- g) A non recollida inmediata dos excrementos evacuados por un animal de compañía na vía pública.
- h) A venda, doazón ou cesión de animais a menores de 18 anos ou incapacitados, sen autorización de quen posúa a súa patria potestade, tutela ou custodia.
- i) A doazón de animais de compañía como premio.



l) Incumprimento dos horarios e espazos públicos que o Concello de Mugardos estableza tal e como aparece referido nesta ordenanza.

ll) O sacrificio de animais nos lugares públicos.

m) Calquera outra actuación que vulnere o disposto nesta lei e que non estea tipificada como infracción grave ou moi grave.

2. Son infraccións graves:

a) O maltrato dos animais que lles cause dor, lesións, sufrimento físico ou emocional.

b) Mutilalos.

c) Abandonalos.

d) A venda ambulante, reiterada, de animais en xeral, fóra dos establecementos, feiras e mercados legalmente autorizados.

e) A venda de animais salvaxes en cativeiro fóra dos establecementos autorizados.

f) O incumprimento das obrigas sinaladas nos artigos 3, 4 e 5 da Lei 1/1993, do 13 de abril.

g) A subministración de estimulantes non autorizados ou substancias que poidan atentar contra a súa saúde, agás cando sexa por prescrición facultativa.

h) A non vacinación ou o non tratamento veterinario obrigatorio dos animais.

i) A venda de animais enfermos, con vicios, malformacións conxénitas, ou defectos propios da raza agravados, salvo que se trate dun vicio oculto, non coñecido polo criador rexistrado como tal.

l) A cría ou comercialización de animais sen cumprir os requisitos correspondentes e sen ser criador rexistrado.

ll) A tenza de animais perigosos sen as medidas de protección que se fixan.

m) O incumprimento de calquera outra das condicións supostas nas autorizacións administrativas.

n) Considerarase, así mesmo, como infracción grave a reincidencia en infracción leve.

3. Son infraccións moi graves:

a) O maltrato dos animais que lles cause lesións físicas ou emocionais graves ou a morte.

b) A organización e celebración de espectáculos, pelexas ou outras actividades con animais que impliquen crueldade ou maltrato ou poidan ocasionarlles sufrimentos.

c) A venda e doazón de animais con enfermidade infecto-contaxiosa.

d) A venda de animais para experimentación sen a debida autorización ou a centros non autorizados.

e) A esterilización ou o sacrificio de animais sen control facultativo.

f) Considerarase, así mesmo, como infracción moi grave a reincidencia en infracción grave.



4. En canto aos animais potencialmente perigosos, ademais das anteriores, aplicaranse as infraccións e sancións tipificadas na Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos.

5. En todo caso serán sempre de aplicación outras infraccións e sancións que se tipifiquen en normas legais ou regulamentarias tanto vixentes coma as que no futuro se diten nesta materia aínda cando non estean expresamente recollidas nesta ordenanza.

Artigo 18.–Prescripción das infraccións.

As infraccións leves prescribirán aos 6 meses, as graves aos 12 meses e as moi graves aos 2 anos, sen prexuízo da aplicación dos prazos que determinen as normas legais e regulamentarias que no futuro poidan ditarse.

Artigo 19.–Sancións pecuniarias.

1. As infraccións indicadas no capítulo anterior serán sancionadas con multas de:

- a) As leves, de 200 a 500 €.
- b) As graves, de 501 a 5.000 €.
- c) As moi graves, de 5.001 a 30.000 €.

2. A imposición das sancións previstas corresponderalle a:

- a) O/a alcalde/sa, para as infraccións leves.
- b) Á persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, para as infraccións graves.
- c) Á persoa titular da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, para as moi graves.

Artigo 20.–Sancións non pecuniarias.

Na resolución do expediente de sanción, ademais das multas ás que se refire o artigo anterior, os órganos competentes poderán impoñer as seguintes sancións:

- 1. O peche temporal ou definitivo, respectivamente, para as infraccións graves ou moi graves, dos establecementos regulados pola lei.
- 2. A prohibición temporal ou permanente, respectivamente para as infraccións graves e moi graves, do exercicio de actividades comerciais reguladas pola lei.
- 3. A incautación inmediata dos animais en condicións de abandono, ausencia de benestar ou actividades ilegais, para calquera tipo de infracción (leve, grave ou moi grave), así como a proposta de inhabilitación para tenza de animais a partir da comisión da acción que deu orixe á sanción se o órgano competente o considera proporcional ao dano ocasionado e evitárllelo a outros animais no futuro.



4. En caso de que as persoas posuidoras de animais demostren non ter recursos económicos para facerlles fronte ás anteditas sancións, poderán substituír a multa económica por tarefas dentro do voluntariado municipal que teñan como obxecto o benestar animal, e a sensibilización e promoción da mellora da convivencia entre persoas e animais. A posibilidade contemplada punto 4 corresponde con infraccións leves, sobre as que o Concello e a autoridade en quen delegue, neste caso a Policía Local, ten capacidade de resolver.

Artigo 21.–Gradación das sancións.

A imposición das sancións prescritas pola lei graduarase conforme aos seguintes criterios: A importancia do dano causado ao animal. A cantidade de animais afectados polo dano. A transcendencia social ou sanitaria e o dano causado ao animal pola infracción.

O ánimo de lucro e a contía do beneficio obtido na comisión da infracción. A reiteración ou reincidencia na comisión de infraccións.

Disposición adicional primeira

O Concello de Mugardos promoverá a realización de campañas de sensibilización para a cidadanía en xeral e a poboación escolar en particular, sobre os contidos desta ordenanza municipal, a educación e a promoción do benestar animal, as pautas para a tenza responsable e a convivencia harmónica, o fomento da adopción para facer fronte á superpoboación de refuxios e protectoras, a sensibilización fronte ao problema do abandono, etc.

Disposición adicional segunda

Co fin de aplicar a presente ordenanza de acordo coa lexislación vixente en cada momento, as normas e preceptos legais invocados na ordenanza así como os procedementos nela establecidos entenderanse substituídos polos novos preceptos e normas que se diten en substitución dos vixentes, naqueles casos regulados expresamente polas normas xurídicas. Así mesmo, as disposicións desta ordenanza completaranse cos preceptos legais de obrigado cumprimento que estean vixentes en cada momento.

Disposición transitoria primeira

Os expedientes iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta ordenanza seguirán tramitándose pola normativa anterior que lle era de aplicación.



Disposición transitoria segunda

Procedemento de regulamentación para o suposto de edificacións onde se exceda o número máximo de animais: aquelas persoas propietarias ou posuidoras que alberguen en vivendas ou calquera outra edificación no termo municipal de Mugardos un número de animais que exceda as limitación establecidas no artigo 12, disporán dun prazo de 3 meses, a partir da entrada en vigor desta ordenanza, para solicitar a oportuna autorización municipal que permita o mantemento dos animais no mesmo lugar, no caso de cumprir as especificacións e requirimentos recollidos no dito artigo e nos restantes artigos da ordenanza, relativos ás condicións que aseguren o benestar dos ditos animais.

Disposición derogatoria

Queda derogada a ordenanza municipal sobre a protección e tenza de animais de compañía e de animais potencialmente perigosos do Concello de Mugardos publicado no BOP núm. 136, de data 18/07/2014.


Disposicion final. Entrada en vigor

Para o non recollido explícitamente nesta ordenanza, será de aplicación a norma ou normas de rango superior.

Esta ordenanza entrará en vigor na forma disposta no art. 70.2 da Lei 7/1985 de bases do réxime local unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da mesma lei e logo do prazo estipulado tras a publicación desta ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.



ANEXO.-ACORDO DE COLABORACIÓN PARA LA GESTIÓN DE COLONIAS FELINAS



A finalidade principal deste procedemento é acadar mellora da calidade de vida dos gatos ferais, que viven na rúa e que tiveron un escaso ou nulo contacto coas persoas, diminuír os problemas de superpoboación e xerar beneficios por unha adecuada integración na realidade urbana de Mugardos que contribúa á súa socialización e convivencia.

Sendo conscientes de que para iso debe exercerse unha axeitada supervisión sobre estas poboacións, que conleva a consolidación e extensión de colonias controladas de gatos urbanos, por razóns de Salubridade, Sustentabilidade e Benestar Animal, as partes que subscriben este documento, e co desexo de controlar a poboación e minimizar o impacto a contorna derivado da presenza destes animais, o Concello de Mugardos xunto cos cidadáns e cidadás que atenden habitualmente a estes animais,

ACORDAN:

Traballar conxuntamente para acadar os fins sinalados, asumindo cada un as seguintes funcións:

A. Propietarios/as ou responsables de colonias en espazos privados:

1. Identificar os lugares nos que existe na actualidade unha poboación coñecida de gatos urbanos, dentro dos seus recintos e instalacións. Nos casos nos que sexa necesario, determinar os puntos máis idóneos para a súa localización para a subministración de alimentos e bebida (colocándose en áreas pouco visibles e integrados no espazo para favorecer a boa aceptación do proxecto).
2. Facilitar o acceso aos ditos lugares das persoas autorizadas para o control, coidado e mantemento dos animais, eda contorna que ocupan.
3. Permitir e/ou colaborar na colocación de puntos de alimentación e refuxio nas localizacións e condicións que faciliten o acceso dos animais, que simultaneamente non supoñan un risco para a saúde e seguridade das persoas e das instalacións.
4. Axudar ás persoas colaboradoras autorizadas a identificar a existencia de calquera cidadán/á que, á marxe do Acordo, se ocupe, ou pretenda ocupar, de maneira esporádica ou habitual do coidado dos animais, coa finalidade de informar aos ditos cidadáns/ás da existencia deste Acordo de colaboración, e da necesidade de que calquera atención a estes gatos se realice ao abeiro do mesmo, e nas condicións establecidas.

B. Persoas colaboradoras.

1. Garantir o cumprimento de todos e cada un dos termos acordados neste documento, e dos recollidos no procedemento.
2. Acondicionar o lugar de localización da colonia: retirada de lixo acumulado como consecuencia directa da colonia (restos de alimento, excrementos, outros refugallo, sempre derivados da presenza de gatos) e habilitación das zonas de alimentación (comedeiros e bebedeiros) e acubillo.



3. Capturar e soltar aos animais integrantes da colonia de acordo coas pautas e precaucións xerais descritas a través do veterinario adscrito ao programa.

4. Cumprir o resto das condicións de recollida, esterilización e solta dos animais previstas no procedemento, como son:

a) Controlar o estado sanitario dos animais, proporcionando atención aos gatos feridos ou enfermos, ata a súa recuperación a través dos servizos do veterinario adscrito ao programa.

b) Desparasitación, esterilización, identificación e marcaxe dos animais que permanecerán na localización, a través dos servizos do veterinario adscrito ao programa.

c) Cumprimentación da ficha individual prevista no procedemento.

d) Devolución dos animais ao lugar de orixe. Os animais serán devoltos á mesma localización onde foron capturados ou, nos supostos que así se acorde, en lugares establecidos para a súa reubicación.

e) Entrega en adopción de animais socializados cando haxa posibilidade de facelo.

f) Mantemento da colonia:

- . Control da inmigración: detección da incorporación de novos exemplares para a súa captura, control sanitario e esterilización, ou para a súa entrega en adopción en caso de ser posible.

- . Subministración controlada de alimento específico para gatos nos lugares previstos para iso. Ten que ser penso seco, puidendo utilizar húmido para as capturas ou para os tratamentos sanitarios. Retíranse (no intervalo de tempo que se determine) os posibles sobranceiros e os comedeiros non fixos. Non se poderán subministrar restos de comidas ou alimentos de elaboración doméstica.

- . Hixienización periódica de comedeiros e bebedeiros, que deberán ser de aspecto e material aceptables, colocándose en áreas pouco visibles. Nunca se deixarán alimentos no chan os restos limpanse cotío para evitar situacións de insalubridade.

- . Non administrar alimento, en ningún caso, en localizacións non permitidas, aínda que se observe a presenza de gatos.

- . Elaboración por parte da persona colaboradora responsable de informe periódico sobre a situación da colonia, que incluíra as condicións de salubridade da zona onde se sitúan os gatos, estado no que se atopan os animais e tratamentos veterinarios practicados no seu caso.

C. Concello de Mugardos.

- . Facilitará todo o material necesario para o desenvolvemento do CER: alimentación, recipientes para alimentación e bebida, casetaseos tratamentos veterinarios derivados deste procedemento (esterilización, microchipado e desparasitación), ademais da medicación que precisen os gatos que presenten algunha enfermidade, sempre seguindo as pautas marcadas polo veterinario adscrito ao programa.



- . Exenderá carné que recoñece ás persoas colaboradoras.
- . Realizará labores de difusión do procedemento.
- . Promoverá a participación cidadá.
- . Colaborará na difusión dos animais socializados na procura de adopción.
- . Contribuirá á difusión do programa CER coa edición de material divulgativo e a través das canles municipais, tanto físicas (taboleiros nas parroquias, espazos municipais, etc.) como en internet (web, redes, whatsapp).

SINATURAS

(Responsable/es Concello de Mugardos)

(Colaboradores/as)

(Propietario/a localización privada)

Mugardos, a XX de mes de ano.

O concelleiro delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá (R.A. 536/2021, do 24/05/2021)

José Miguel Mahía Prados



EDICTO

Elevado a definitivo o acordo provisional do Pleno de data 27 de outubro 2021, de aprobación inicial da ordenanza municipal de tenza e benestar dos animais de compañía, e de derogación da actual ordenanza municipal do Concello de Mugardos sobre a protección e tenza de animais de compañía e de animais potencialmente perigosos, por non se ter presentado ningunha reclamación durante o prazo de exposición pública e de conformidade co disposto no art. 17.4 do RDL. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, faise público o texto íntegro da ordenanza municipal de tenza e benestar dos animais de compañía para os efectos da súa entrada en vigor.



ORDENANZA MUNICIPAL DE TENZA E BENESTAR DOS ANIMAIS DE COMPAÑÍA



Concello de
Mugardos